

ORDENANZA DO PREZO PÚBLICO POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES MUNICIPAIS

Artigo 1.- Fundamento e obxecto

En uso das facultades contidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e en virtude do establecido nos artigos 41 a 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Vedra establece o prezo público pola realización de actividades culturais, deportivas, formativas ou de lecer ou de calquera outra natureza que organice o Concello.

Artigo 2.- Persoas obrigadas ao pagamento

Son persoas obrigadas ao pagamento as persoas físicas e xurídicas, así como as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas pola prestación das actividades municipais.

Artigo 3.- Contía

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público polas distintas actividades culturais, deportivas, formativas ou de lecer que se realicen polo Concello de Vedra será o acordado para cada actividade, pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. O prezo a exixir será fixado atendendo ao custe da actividade e valorando as circunstancias que concorran en cada caso previa proposta polo departamento xestor da actividade, na que se indicará:

- Estimación de costes da actividade con descrición detallada de gastos inherentes á súa realización.
- Estimación do número de usuarios aos que se destina a actividade.
- Achegas doutras AAPP que cofinancien a actividade, indicando a administración, a subvención de que se trata e importe
- Proposta de prezo público.

Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas mediante informe técnico dos servizos correspondentes, a Xunta de Goberno Local poderá fixar un prezo que non cubra o custo do mesmo, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para a cobertura da diferenza existente.

Artigo 4.- Bonificacións

A Xunta de Goberno Local, previa proposta do respectivo departamento xestor da actividade, poderá aprobar a inclusión de bonificacións, especialmente nos supostos de:

- Familias en situación de emerxencia social ou outra situación valorada tecnicamente polo departamento de Servizos Sociais
- Familia numerosa de categoría xeral ou especial. Condición de familia numerosa
- Familias monoparentais

Artigo 6.- Normas de xestión e recadación

A forma e momento de pago do prezo público será o aprobado pola Xunta de Goberno Local, previa proposta do respectivo departamento xestor de actividade, e poderá consistir en:

- a) Domiciliación bancaria
- b) Efectivo
- c) Transferencia bancaria

As débedas derivadas da falta de pagamento do prezo público poderán ser esixidas pola vía de prema nos termos establecidos no Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Disposición Derradeira

A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte ao da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da citada Lei, mantendo a súa vixencia indefinidamente, en tanto non sexa modificada ou derogada expresamente.